



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 30

IX lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 26 de xuño de 2013

Presidencia da Excma. Sra. D^a Pilar Rojo Noguera

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...dicirlle a verdade e estar coa verdade diante da xente e non manipularlos dicindo unha cousa antes e outra despois?

Señor Jorquera, agora que vai rematando este período de sesións, aínda que temos que aprobar o teito de gasto para o ano 2014, digo que valore vostede durante estes seis meses se lle valeu a pena esta técnica de oposición. (*Murmurios.*) Valóreo vostede e o seu grupo, señoría.

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Vostedes dáme a sensación de que son as primeiras vítimas da súa propia manipulación, e por iso, señoría, terán moito camiño gañado se no próximo período de sesións lle falan coa verdade á xente, que buscamos...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...camiños para avanzar.

Señoría, de momento vostedes están retrocedendo. Deixen que Galicia mire...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cara a diante e se poña a avanzar.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de D^a Yolanda Díaz Pérez, do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda, sobre o cumprimento das obrigas de facer valer o interese xeral da cidadanía

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra a señora Díaz para facer a súa pregunta.

A señora DÍAZ PÉREZ: Bos días, presidenta.

Bos días.

Señor presidente, esta é a última sesión de control deste primeiro período de sesións e a verdade é que vostede converte –como lle dixen xa nunha ocasión– isto nunha esterqueira.

Voulle ler a lexislación que vostede está obrigado a cumprir: nada máis e nada menos que a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, que –supoño– coñecerá perfectamente, que regula a figura do presidente da Xunta de Galicia. Voulle ler en particular o artigo 10, que di: “O presidente da Xunta ostenta a suprema representación da Comunidade Autónoma así como a ordinaria do Estado en Galicia. Dirixe e coordina a acción da Xunta e o seu Goberno”. Tamén o artigo 13, señor presidente, di: “A responsabilidade política do presidente da Xunta ante o Parlamento será esixible nos termos establecidos diante do Estatuto de autonomía”. E, finalmente, señor presidente, o artigo 26 di que é unha obriga do presidente facilitar ao Parlamento a documentación que lle teña interesado.

Señor presidente, ¿cantas veces, cantos escritos ten que presentar Alternativa Galega de Esquerda, case a un diario, para que vostede cumpra con esa promesa que nos deu de entregarnos a documentación de Marcial Dorado? ¿Que pasou, señor Feijóo? Pasou de destruír os contratos de Marcial Dorado para dicirnos que estaban perfectamente na nave do Tambre, para finalmente impedírnos como estamos pedindo aquí visitar nós mesmos a nave do Tambre e poder comprobar a realidade do que vostede nega. Esa realidade da que, efectivamente, só sabe que había neve.

Pero, señor Feijóo, vostede –como di esta norma– non é digno de ostentar o cargo que ostenta, pois mente, mente e mente, e volve mentir diante da cidadanía galega. Señor Feijóo, nós si lemos con atención a documentación que vostede pechou á cidadanía deste país. Díxolle á cidadanía galega que o traballo que fixo KPMG era unha auditoría. É falso, señor Feijóo. É un caderno de vendas que vostede lle pediu á carta a esa empresa; un caderno de vendas, señor Feijóo, polo que vostede pagou nada máis e nada menos que 1.300.000 euros; un caderno de vendas no que vostede mente dicíndolle ao noso país que recomendaba a fusión das caixas. Señor Feijóo, mentira, non recomenda a fusión das caixas. E lonxe de non recomendar a fusión das caixas advirte do que pode pasar. Por exemplo, advirte, señor Feijóo, de que xa no 2007 o Banco de España sinalaba a situación de risco que tiña Caixa de Galicia por mor desas actividades especulativas, groseiras e indecentes que tiña respecto do ladrillo.

Mentiu, señor Feijóo, ¿por que quere ocultar a información...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...ao noso país? ¿Por que gastou nun caderno de vendas, señor Feijóo, nada máis e nada menos que 1.300.000 euros? Explíquelle isto á cidadanía, señor Feijóo, e deixe de mentir polo menos na última sesión...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...de control. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, vostede empeza a súa disertación cun grave insulto ao Parlamento, *(Murmurios.)* dicindo que este Parlamento é un esterqueiro...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e posteriormente cita a lei. *(Protestas.)* Señoría, a lei que vostede cita, efectivamente, é a Lei da Xunta e do seu presidente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: ¿Quere que o chame a vostede? ¡Faga o favor!

Perdoe, presidente. *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría,...

A señora PRESIDENTA: Déase por chamado á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, remítome ao *Diario de Sesións* que quedará desta pregunta.

Señoría, vostede fala da Lei da Xunta e do seu presidente, efectivamente, e leu un artigo. E di que o presidente da

Comunidade Autónoma ostenta a suprema representación da Comunidade. Por iso pídolle respecto para quen ostenta a suprema representación da Comunidade *(Murmurios.)* e por iso pídolle respecto pola Comunidade Autónoma á que vostede está representando. *(Aplausos.)*

Señoría, non hai mellor forma de facer valer o interese xeral que cumprir a lei. E por iso xa lle reiterarei na última sesión que vivimos nunha autonomía con regras, nun país con regras, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* nunha Unión Europea con regras.

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Díaz!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E todo o Goberno está sometido ás regras, ás normas e ás leis. Vostede tamén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E por iso, señoría, no referente á Comisión das caixas cumprimos estritamente a lei. Señoría, remitimos toda a información ao Parlamento galego, 33.000 folios. Non hai un papel na Consellería de Facenda que non estea á súa disposición; 187 documentos á súa disposición. E todos os deputados e as deputadas que representamos a Galicia teñen á súa disposición todos os documentos da Xunta de Galicia.

Lamentablemente non é así noutras institucións, nin na Comisión Nacional do Mercado de Valores, nin na Unión Europea, nin no Banco de España, nin en Novagalicia Banco. Polo tanto, señoría, nós estamos cumprindo a lei e seguiremos cumprindo a lei.

Señoría, se a vostede lle interesara a lei e a documentación terían vostedes perfectamente coñecido *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que hai oito...

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Díaz!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...informes de auditoría. Un informe de Deloitte a petición de Caixanova, que propón unha fusión, iso si, con entidades de fóra. Un informe de ACI –outra auditoría– elaborado por Caixanova, que propón sorprendentemente unha fusión e modificar a lei para ampliar a idade dos conselleiros das caixas. Outro informe de Price, que propón unha

fusión con entidades de fóra e, en consecuencia, diluír as caixas galegas. (*Murmurios.*) E despois hai catro auditorías máis: unha de Price, de Caixa Galicia, que propón unha fusión galega; unha de Boston Consulting Group, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) que propón outra fusión galega; un informe de KPMG,...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, presidente, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...que acredita a viabilidade da fusión das caixas, e un plan de negocio (*Murmurios.*) despois da fusión...

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...de Deloitte e de Price.

Señoría, estes son os documentos (*Murmurios.*) que ten á súa disposición...

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, déase por chamado á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Por moito ruído que faga, os documentos non van modificar nin o seu contido...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...nin o seu alcance.

Moitas grazas, señorías. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Díaz, agora si ten vostede a palabra.

A señora DÍAZ PÉREZ: Señora presidenta, a verdade é que esperabamos que na última sesión de control cando menos respostara a algunha pregunta. (*Murmurios.*) Non somos capaces.

Señor Feijóo, o que vostede pagou, contratou á carta non é unha auditoría, é un caderno de vendas, e non recomenda-

ba a fusión. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E mesmo lle vou dicir que ese caderno de vendas dicía...

A señora PRESIDENTA: Silencio.

A señora DÍAZ PÉREZ: ...que había que, nada máis e nada menos, sacar, vender 688 millóns de preferentes para con iso pagar a débeda ao FROB. (*Murmurios.*) Señor Feijóo, daquela xa todo o mundo coñecía –en marzo do 2010– que as preferentes eran produtos tóxicos. E vostede sabendo o que pasaba dixo que si a ese caderno de vendas. Vostede é o responsable.

Pero voulle dicir máis, señor Feijóo: o venres tivemos a sorte de escoitar esa comparecencia que –como dicía o señor Jorquera– vostede impediu que fora retransmitida en directo, a do señor Méndez, señor Feijóo. E fixemos preguntas e mesmo reflexións (*Murmurios.*) respecto do que fixo o señor Méndez na fusión das caixas, señor Feijóo.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: ¿E sabe o que dixo o señor Méndez respecto do seu papel? Preguntaban que ten pasado no noso país para que as nosas caixas, a Caixa de Galicia tivera un valor de 2.000 millóns de euros e hoxe, señor Feijóo, teñamos tan só un gran burato negro de –10.000 millóns de euros. ¿Sabe que dixo o señor Méndez? Que o responsable diso era vostede, señor Feijóo. (*Protestas.*) Vostede é un rei Midas ao revés, señor Feijóo.

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor! (*Murmurios.*)

A señora DÍAZ PÉREZ: Un rei Midas ao revés.

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

A señora DÍAZ PÉREZ: Namentres o rei Midas convertía (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) en ouro todo o que tocaba, vostede todo o que toca o destrúe. Explíquelles á cidadanía galega por que acabou coas caixas do noso país. (*Protestas.*) Explique se ten razón o señor Méndez... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

Señor Gómez Alonso, chámoo á orde.

A señora DÍAZ PÉREZ: Non teño problema, señora presidenta, estou acostumada. Non teño problema, jeh!

A señora PRESIDENTA: Siga, siga vostede. *(Murmurios.)*

Por favor, un momento, señora Díaz.

A señora DÍAZ PÉREZ: Miren,...

A señora PRESIDENTA: Señora Díaz, espere un momento.

Por favor...

A señora DÍAZ PÉREZ: ...non minto. Señor Feijóo, imos divulgar esa chamada auditoría da que fala da emisión de 688 millóns de euros en preferentes, a súa responsabilidade, de produtos tóxicos. Imos divulgala e denúncienos se quere. Coñecemos os papeis.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora DÍAZ PÉREZ: Vostede é o rei Midas ao revés, destrúe o noso país. Explique que ten pasado coas nosas caixas e explique ese gasto indecente de 1.300.000 euros nun caderno de vendas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta.

Señoría, mañá vén –creo– o de KPMG, se vostedes en vez de ir de observadores van traballar á comisión seguro que se poden enterar de algo, *(Aplausos.) (Murmurios.)* seguro, seguro, señorías. Porque ao Parlamento non se vén observar e os impostos dos galegos *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* están para traballar no Parlamento,...

A señora PRESIDENTA: ¡Señora Díaz!,...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...non para vir observar no Parlamento.

A señora PRESIDENTA: ...non ten a palabra agora.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se vostede viñera traballar na auditoría e na Comisión das caixas, daríase conta das cousas que di. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Un caderno de vendas, ¿a vender a quen?, ¿a quen?

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿A quen se lle venden as caixas...

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...cando o que queremos é que se queden en Galicia as caixas? *(Murmurios.)* ¿A quen se lle venden as caixas cando o que queremos é que se fusionen as caixas?

Señoría, durante un mes e medio –que vostede non andaba por aquí, andaba gobernando co Partido Socialista en Ferrol–, o Partido Socialista dicíame: vostede leva un mes e medio calado –¿acórdase, señor Vázquez?– porque ten un acordo en Génova, *(Murmurios.)* para que Caixa Galicia se vaia con Bankia, e para que vostede faga o que quere o PP, que é que Caixa Galicia se vaia con Bankia e nos quedemos sen entidades financeiras. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, ¿vender as caixas a quen, señoría? Se o que queremos é que haxa unha entidade financeira en Galicia. Comisións Obreiras, que estaba a favor da fusión, ¿tamén quere vender as caixas? UXT, que estaba a favor da fusión, ¿tamén quere vender as caixas? *(Aplausos.)* Señoría, ¿onde quere vostede estar?, ¿onde quere estar, señoría?

Señoría, é unha pena que non tomemos en serio o que é serio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E eu reitero, señoría, mañá ten vostede...

A señora PRESIDENTA: Señora Díaz, ¡señora Díaz!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a posibilidade de preguntar todo o que queira a KPMG.. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Chámoo á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Supoño que vostede tamén...

A señora PRESIDENTA: Unha chamada á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...lería as auditorías de Deloitte, e as auditorías de ACI, e as auditorías de Price Waterhouse, e as auditorías de Boston Consulting Group. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Todas coincidían nunha cousa: ningunha das caixas pode...

A señora PRESIDENTA: Señora Díaz,...

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...continuar por si mesma.

A señora PRESIDENTA: ...ten unha chamada á orde. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Todas coincidían nunha cousa: a única solución que teñen é fusionarse ou ben con entidades de fóra ou intentar unha fusión para que haxa unha entidade financeira en Galicia. (*Murmurios.*) E nós apuntámonos a esa proposta. ¿Cal é a súa proposta, señoría?, ¿cal é a súa proposta? ¿En que consistía o seu modelo? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señoría, eu estou gobernando e vostede estame facendo unha proposta que descoñezo, (*Murmurios.*) porque leva seis meses no Parlamento sen facer unha soa proposta...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...senón exclusivamente insultando a todo o mundo.

Señoría, imos seguir reiterando: 33.000 folios, 178 documentos, toda a información que ten Galicia está aquí á súa

disposición. Deixe de ser observadora e pónase a estudar os textos e comprobará, señoría,...

A señora PRESIDENTA: Remate, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e comprobará que cos ratios de *core capital* e cos ratios de *tier 1* nese momento en España esa fusión era viable tecnicamente. Vostede sábeo e eu tamén. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) Quen mudou o criterio foi o Banco de España, o Goberno de España, e iso simplemente coménteo cos seus compañeiros de oposición.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

(*A señora presidenta comunícalle a unha señoría que non lle vai dar a palabra.*)

Silencio, por favor.

Continuamos coa orde do día co punto de proposicións non de lei.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Interpelación de D. Abel Losada Álvarez e tres deputados máis, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre os criterios de destrución de documentación na Xunta de Galicia

A señora PRESIDENTA: Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Boas tardes.

Grazas, presidenta.

Señorías.

Señor conselleiro e vicepresidente da Xunta, ía empezar cunha película, pero vou a empezar antes con outra. Vou empezar con “Matrix e a realidade virtual”. Esa fotografía que vin agora do hospital de Vigo non existe en ningún lugar ¡eh!, en ningún lugar, paso por alí todos os días, non existe.

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, o tema pechou na anterior intervención.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Era só por se..., en fin, eu creo que convén, eu creo que convén deixar claro, señora presidenta, que non se poden ensinar maquetas como obras rematadas, por decencia, por decencia, señora presidenta (*Aplausos.*)

Ben, e sigo no cine. Hai unha película de Steven Soderbergh, que se chamaba, ou se titula, *Sexo, mentiras e cintas de vídeo*. Seguro que moitos de nós a vimos. Eu vou falar de política, de mentiras e de fotografías aquí (*Murmurios.*) E vou falar, desde logo, da marxe e do marco político no que se desenvolve esta interpelación. Esta interpelación iniciouse cunha afirmación categórica do señor Feijóo –como fai case sempre– dicindo que “Galicia é un país pequeno no que nos coñecemos case todos”. (*Murmurios.*) Hoxe, despois do que vimos, despois do que vimos, soa a unha broma macabra en relación coa xente que se coñece ou non se coñece nesta comunidade autónoma.

Tamén dixo o señor Feijóo que as fotos súas cun narcotraficante eran un intento de desprestixiar a democracia. E a transparencia nunca desprestixia a democracia. O que desprestixia a democracia é a ocultación e é intentar enganar a cidadanía.

Ben, seguimos coa terceira cuestión.

Dixo o presidente da Xunta que as maiorías daban o comportamento ético, e tamén aquí se equivocou, aquí non é correcto. As maiorías dan o poder, a ética tense ou non se ten (*Aplausos.*), e ningunha maioría absoluta, por moi folgada que sexa, dá un comportamento ético.

E, por último –e retrocedo un pouco na historia–, no século XVI un historiador falou da castración e doma do Reino de Galicia –non sei se o subscribe ou non– na época dos Reis Católicos. Pero, desde logo, estamos asistindo a unha intolerable castración e doma do Parlamento galego por parte do Goberno galego coa convivencia da presidencia deste Parlamento. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, a min gustárame que se mantivera a cortesía e o decoro...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Perdoe, é un título dun tratado do século XVI do historiador Gerónimo de Zurita.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Estou a falar co señor Losada, ¿vale?

Señor Losada, vostede é o portavoz.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: É unha cita. Non, non, non a vou retirar porque –insisto– é unha cita e, efectivamente, é así.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Ben, pois eu non o vou retirar.

Lamentablemente, canta máis información fomos acaando co paso do tempo sobre a cuestión das fotografías do señor Feijóo co narcotraficante Marcial Dorado máis cheos de mentiras, de confusión interesada por parte do Goberno, estamos, desde logo, os membros do Grupo Socialista, e creo que moito máis perplexa a sociedade galega, sen ningunha dúbida. Porque esas amizades perigosas, esas contradicións de datas, de lugares, de relacións, esa ignorancia pretendida de algo que toda Galicia coñecía o único que demostra é que o señor Feijóo tiña algo que ocultar, e así o dixemos. E, desde logo, o comportamento posterior en relación coa información pedida por este grupo parlamentario do Goberno galego ratifica absolutamente esta percepción.

Porque o señor Feijóo acumulou fundamentalmente catro mentiras en relación con esa relación con Marcial Dorado. A primeira, dicir que non sabía quen era o Marcial

Dorado dos anos noventa. Evidentemente démoslle mesmo a confianza de que fora ignorancia, pero evidentemente non pode ser ignorancia. Alguén que lea os periódicos, que vexa o que estaba saíndo nese momento nos medios de comunicación, que vira as taxas de mortalidade xuvenil deste país nese momento... (*Murmurios.*) Si, si, as taxas de mortalidade infantil e xuvenil deste país. (*Murmurios.*) Eu non sei se lles molesta, pero son os datos. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E a principal causa de morte era a sida e a drogadicción. E este é un feito obxectivo e, desde logo, lamento que lles moleste porque saben perfectamente que era así. E que o secretario xeral do Sergas, do Servizo Galego de Saúde, o responsable do Plan galego contra a drogadicción, se fixera fotografías cun narcotraficante é inmoral e indigno.

E, por certo –quero dicilo xa solemnemente para que o Partido Popular non se faga a vítima, e menos o señor Feijóo–: este grupo nunca acusou o señor Feijóo de narcotráfico, nunca, ningún membro do Partido Socialista, ningún. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, vouno explicar agora... (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Vouno explicar agora.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Si, si, non se preocupen. (*Protestas.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ¡Nunca!

Dixemos outra cousa, dixemos que se fixera fotografías cun narcotraficante; e, por certo, é verdade. (*Aplausos.*)

Segunda mentira –vou chegar hoxe aí, señor Puy, non se preocupe–: “Cando souben no ano 1997 quen era Marcial Dorado” –a verdade é que despois de tantas travesías, viaxes, festas, ten un déficit de coñecemento severo– “cortei

toda relación”. ¡Tamén mentira! No ano 2003. Si, si, é igual o que se arquivara, non estamos falando de cuestións xurisdiccionais nin xudiciais, estamos falando de política. No ano 2003 seguía existindo esa relación co señor Marcial Dorado.

E, a terceira mentira: “Son só fotos”, dixo que eran só fotos. Non, non, son algo máis que fotos, é a significación política desas fotos. E é algo tamén moi importante: se recorda quen pagaba esas viaxes, se recorda a onde ía, porque eu pódolle asegurar que cando vou de viaxe sei onde vou, sei se estou na alta montaña ou no deserto, e algo absolutamente importante é que sei quen paga as miñas viaxes, porque as pago eu, págoas eu. Lamento a mala memoria tamén aquí do señor Feijóo.

“E acabou a infamia”, tamén dixo iso. E a infamia non eran esas fotos nin era acusalo politicamente de facerse fotos cun narcotraficante cando era o segundo cargo da Consellería de Sanidade e cando as drogas eran a principal causa de morte entre a poboación xove neste país. A infamia era precisamente esa relación absolutamente impropia, inmoral e indecente do señor Feijóo con Marcial Dorado. E agora que ren continuar con esta mentira ocultando información.

E a verdade é que quero falar do “aí, aí”, quero falar do que significa “aí, aí”. Na comparecencia do señor Feijóo o voceiro do Partido Popular falou do intento de lexitimación de narcotraficantes ou da mafia, lexitimación social a través dos contactos cos políticos. Sabemos cal é o exemplo paradigmático, efectivamente. O exemplo paradigmático é Italia, onde efectivamente a mafia penetrou e controlou a Democracia Cristiá durante décadas; e lamentablemente o sistema político italiano está como está. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, non, perdoa pero non. (*Murmurios.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, desde logo, se o señor Feijóo permitiu que un narcotraficante se aproximara a el para obter lexitimidade social, mal feito. E o “aí, aí” significa iso, e, por certo, significa outra cousa tamén, cando parece que non o entenden. Significa Nené Barral. ¿Ou este quen era?, ¿de que partido era e a que se dedicaba? O “aí, aí” significa iso, señores do Partido Popular, non lle estou chamando narcotraficante ao presidente Feijóo porque nunca llo chamei, nin eu nin ningún socialista. O “aí, aí” significa permitir que os

narcotraficantes se lexitimaran socialmente, e iso fíxoo o Partido Popular na década dos noventa e do dous mil en Galicia. (*Aplausos.*) Ou cando o señor Albor se foi entrevistar a Viana do Castelo cos narcotraficantes para favorecer que puideran volver a Galicia, ¿de que estamos falando? Falamos de “aí, aí”, e iso si que o mantemos. E se os molesta, pois mala sorte.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Pois lamentablemente solicitamos información e tamén aquí se nos enganou, porque nos dixeron dúas cousas radicalmente distintas. O señor Feijóo díxonos que esa información, eses contratos do Sergas e da Consellería de Sanidade non existían. Dúas semanas despois o secretario xeral da consellería díxonos que era demasiado volume de información para procesala. Polo tanto, esta interpelación é exclusivamente para saber, en caso de que se destruíra esa información, señor conselleiro, quen o autorizou, que comisión de avaliación do tratamento dos arquivos da Xunta permitiu esta destrución de información. E, desde logo, en caso de que esa información siga existindo, esiximos que a través do artigo 9 se nos proporcione. Porque cremos que é fundamental precisamente por iso que tanto lles interesa agora a vostedes, o da marca España, o da marca Galicia...,

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...despexar todas as dúbidas posibles que afectan á imaxe deste país.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, boas tardes.

Eu o primeiro que teño que dicir aquí é que viña responder unha interpelación sobre o manexo dos arquivos e o

manexo da documentación da Xunta de Galicia, once preguntas sobre este tema na interpelación. No tempo de desconto, señor Losada, cando lle faltaban trinta segundos —porque xa supoño que sería demasiado descarado— falou un pouco da documentación, así ás présas, pero xa nos aclarou perfectamente de qué viña falar. Se é que vostede o dixo, señor Losada, é igual o que se arquivara, díxoo vostede e supoño que o reflectirá despois o *Diario de Sesións*. Unha pregunta de arquivos que fai con once cuestións, é igual o que se arquivara, dálle exactamente igual.

“Aquí vimos falar de política”. O malo é que non vimos falar de política, señor Losada, que sería lexítimo neste Parlamento. Do que vimos falar é desa sede de escándalo, desa sede de “vale todo”, absolutamente todo, para seguir estirando o chicle. Falamos da democracia cristiá, falamos do señor Albor, falamos de moita autoxustificación: Eu non dixen, non dixen, non dixen... Cando un non dixo algo non ten que estar cinco minutos explicando o que non dixo. Non o dixo e xa está. (*Aplausos.*) O malo é que vostedes o dixeron, e dixérono continuamente, señor Losada. (*Aplausos.*)

E cando un nunha interpelación de arquivos fala cinco minutos do que intenta explicar que non dixo e trinta segundos —sendo xeneroso— do que vén preguntar, queda claramente a súa intención explicitada e queda claramente a súa intención demostrada. Pero eu son serio, e veño falar do que vostede me pregunta, señor Losada.

Mire, permítame facer unha pequena relación do que vai este asunto. Dúas comparecencias acumuladas coa intervención do presidente da Xunta, sete preguntas nas sesións de control con remisión posterior da documentación por escrito, tres preguntas na Comisión de Control da CRTVG, un artigo 9 con resposta formalizada, unha comparecencia por petición propia do secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, unha pregunta escrita sobre este tema tramitada e a interpelación de hoxe. Por certo, tamén unha rolda de prensa o primeiro día do presidente da Xunta tamén en sede parlamentaria, dezasete iniciativas máis a rolda de prensa —se consideramos que foi no Parlamento, dezaioito—. ¿Valeu para algo? ¡Non! Aquí non vimos falar de nada do que se pregunta, vimos falar de política, vimos autoxustificarnos polo que sabemos que vostede dixo pero non quere recoñecer, porque sabe que non lle convén. Vimos falar de todo menos da verdade —vostedes—; eu veño falar da verdade, señor

Losada, veño falar do que me pregunta. Se vale, ben, e. se non. podemos seguir aquí falando de películas. E eu tamén podo citar moitos títulos enxeñosos que se me ocorren... (*Murmurios.*) E ao mellor non quedaba moi ben... (*Murmurios.*) Pero vou falar da interpelación, que é do que vostede me pregunta.

Mire, compareceu por petición propia o secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, e aportouse, por certo, a relación de pagamentos respecto dos contratos que vostedes solicitaban. E que non se puido aportar, por certo, por razóns completamente alleas ao presidente da Xunta de Galicia. Non imos recordar o que sucedeu na pregunta oral porque o viu toda Galicia, toda España e supoño que outros moitos países, respecto da actitude do señor Beiras e respecto do que aquí se ventilou no Parlamento.

Feita esta aclaración inicial gustárame centrarme na interpelación, creo que é necesario para saber de que vimos falar aquí, señor Losada. A interpelación, como ía da xestión, documentación e a conservación da documentación administrativa da Xunta de Galicia, teño que dicirle, primeiro, que unha pregunta escrita á Consellería de Cultura xa se contestou por parte da Xunta de Galicia. Pero, en todo caso, vostedes non preguntan sobre se a Xunta procedeu á destrución física de documentos. Non, o que fai vostede –se é que leu a interpelación, porque teño moitas dúbidas despois de escoitalo aquí– é que constrúen, iso si, a súa película, dan por suposto todo. Dan a resposta que lles convén porque calquera outra non lles valería para montar o espectáculo que montou aquí. E a partir de aí preguntan o por que, o como, o quen, o cando..., (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ou buscan calquera cousa para darlle argumento á película que aquí veu montar. O malo é que non hai película, señor Losada.

Mire, voulle dicir unha cousa, non consta destrución ningunha de documentación, ningunha resolución que autorice a eliminación de expedientes. E non debe confundirse –non debería, vostede, claro, despois de ver o que dixó aquí confunde calquera cousa, se é que sabe do que está falando–, non debe confundirse o criterio xeral, que si que está nunha instrución do ano 2010, do tempo máximo de permanencia dos distintos tipos de arquivos con destrución material de documentos, que non se produciu en ningún momento e que ningún afirmou en ningún momento.

Señor Losada, a Xunta custodia un volume inxente de documentación, cada vez máis, é lóxico. O día a día da actuación administrativa xera un importante volume de documentación, que é moita xa despois de tres décadas de autogoberno. ¿E cal é a cuestión? Que a normativa aplicable na materia vén regulada de verdade nunhas normas que hai que renovar canto antes: a Lei do ano 1995, sobre patrimonio cultural; e un decreto do ano 1989 para regular o sistema de arquivos. A partir de aí, como había unha necesidade –e en catro anos do bipartito, por certo, non se fixo absolutamente nada– (*Murmurios.*), houbo que desenvolver unha serie de ordes durante estes catro anos. Culminaremos isto –por certo, levabámolo no programa electoral que foi ratificado pola maioría absoluta dos galegos– coa elaboración antes de que remate este ano dunha lei de arquivos do patrimonio documental de Galicia, que esperemos que deixe este tema definitivamente ordenado.

Iso si, antes houbo que facer unha serie de melloras: xestión arquivística, censo de arquivos, crear un grupo de traballo técnico que xa está traballando para estudos documentais. E aprobar –como lle dicía– varias normas: o Decreto 207/2010, polo que se crea o Arquivo de Galicia, como cabeceira e centro de referencia piramidal do sistema de arquivos; outras dúas ordes do mesmo ano destinadas a regular os préstamos entre arquivos e a consulta e reprodución dos documentos –á que antes me referín–. E, como lle dicía, a elaboración de toda esta normativa culminará neste mesmo ano, de acordo co noso compromiso electoral –porque nós si que os cumprimos–, coa aprobación do proxecto de lei de arquivos de Galicia; unha norma na que vimos traballando dende hai meses, que está comprometida –como dicía– no programa electoral e que está no calendario lexislativo que aprobou o Consello da Xunta de Galicia. E, por suposto, iso levará incluída unha comisión de arquivos, porque ao final para que as normas funcionen ten que haber unha serie de xente que as aplique e lles dea sentido, e para iso vai funcionar a Comisión de Arquivos.

¿É todo isto dabondo, señor Losada? Depende. Se vostede vén falar de documentación, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) supoño que si, pero como non veu falar de documentación que veu falar da democracia cristiá, veu falar de películas, empezou dicindo que non vimos falar nin de arquivos nin de nada diso, que vimos falar de política, eu

fálolle de política responsable; e como me pregunta por documentación, eu fálolle de documentación.

Mire, en tres meses quedou claramente constatado que aquí hai dous impulsos contraditorios no labor da oposición, polo menos na que fan vostedes.

Por unha banda, o seu dereito e o seu deber –e ninguén o discute– de control do Goberno. E, por outra, a vontade incontrolada de estirar un chicle que vían que lles morría, que vían que non tiñan máis argumentos para expoñer e que hoxe acaba de dar unha mostra clara con todo o que aquí acaba de dicir.

Eu voulle recordar: 17 iniciativas parlamentarias, 18 coa rolda de prensa en sede parlamentaria. A partir de aí, cada un se retrata: o Goberno e o presidente da Xunta dando explicacións, e a oposición vertendo acusacións tan normais e tan fáciles de entender como dicir que o presidente da Xunta é o responsable directo da desaparición dunha xeración na comarca de Arousa. Iso díxose aquí, señor Losada, e vostedes aplaudírono. Iso díxose aquí e vostedes aplaudírono. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Insinuar sospeitosas manobras para manipular autopsias. Ese tipo de barbaridades aquí foron ditas e vostedes aplaudírono.

Esa é a diferenza: 18 comparecencias parlamentarias, 18 aportacións de documentación, respostas do presidente, artigo 9, e barbaridades como as que lles acabo de dicir, dous exemplos máis, e permítame que lle diga con todo respecto outro máis que acabo de ver aquí, vendo que, de 11 preguntas sobre documentación, vostede non me fixo nin a primeira.

Ao final, como eu veño falar de documentación, señor Losada, dígolle que este é un camiño *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que hai que recorrer, é un camiño que temos que mellorar, é un camiño que empezou cando empezou a historia da Autonomía: en 1989 aprobouse o primeiro Decreto autonómico en materia de arquivos, co presidente Laxe; en 1995 a Lei de patrimonio cultural, co presidente Fraga; en 2010 creouse o Arquivo de Galicia e desenroláronse as normas para o manexo de documentación, co presidente Feijóo, e o 2013 será o ano dunha lei de arquivos, tamén co presidente Feijóo –como lle dicía–, incluída no programa electoral.

Se aquí non vimos falar de arquivos, que vimos falar de política, eu doulle a volta e digo: falo de política responsable. Agora tócalle o turno a vostede, supoño que seguirá falando de todo menos do que me preguntou.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Réplica do señor don Abel Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señora presidenta.

Señor conselleiro, dixos vostede que non hai ningunha película. Ten razón, só hai fotos. Iso é certo.

Mire, desde logo imos seguir falando deste tema, gústelle ou non lles guste. Imos seguir estirando non sei que chicle, porque, indubidablemente, quen sobre todo predicou co exemplo de non facer fotos con personaxes xa non digo indesexables –que para min Marcial Dorado, desde logo, éo–, senón con empresarios –vostedes que soen ser tan amigos dos empresarios–, por parte de quen gobernaba, sen dimitir; quen fixo esas campañas electorais tan absolutamente sucias como as que fixeron vostede e o señor Feijóo no ano 2009, estamos absolutamente lexitimados para estirar o chicle todo o que queiramos. ¡Só faltaría!

Evidentemente, entendín que vostede lera as 11 preguntas da interpelación, e parecíame perder o tempo, tendo en conta a estrita disciplina da presidenta, en repetir o que vostede xa coñecía.

Mire, a calidade democrática dun país márcase fundamentalmente polo acceso á información pública. ¿Sabe vostede que foi o primeiro que fixo o xeneral Franco no ano 1936? Non, non se molesten, é historia, memoria histórica. Sei que as dúas palabras xuntas lles provocan un certo sarpullido, pero é memoria histórica. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Fundou... –Si, si, claro, claro–. Fundou *La Junta de Expurgos. Lo primero que hizo fue fundar la Junta de Expurgos.* Entón, eu pregúntolle, xa que quere falar de arquivos, ¿existe esa documentación, señor Rueda? ¿Existe? Porque o señor Feijóo dixos textualmente neste Parlamento

que non existían contratos anteriores ao ano 2003 porque só hai obriga de arquivar os documentos durante dez anos –sic–. Cito textualmente. Entón, ¿é verdade o que dixo o señor Feijóo (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ou existe esa documentación?

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, se existe esa documentación, ¿por que non nola proporcionan? ¿Tamén é reservada, como a pretendida auditoría de KPMG ou como os contratos de Pemex?

Falo aquí do que quero, señora Prado. Só faltaría que me... (*Murmurios.*) Eu comprendo... Os tics autoritarios na extrema dereita hai que controlalos. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Señor Losada, non hai que desqualificar a ninguén. Faga o favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A extrema dereita é unha opción política, presidenta. A extrema dereita é unha opción política. (*Murmurios.*)

E sigo cos arquivos e coa lei, señor Rueda.

O artigo 77 di que integran o patrimonio documental de Galicia todos os documentos da calquera época xerados, conservados ou reunidos no exercicio da súa función por calquera organismo. E o 80.3 di: Baixo ningún concepto se poderán destruír documentos mentres subsista o seu valor probatorio de dereitos e obrigas das persoas e dos entes públicos. E, se se acordase a eliminación, tería que ser unha comisión de avaliación quen o autorizase. ¿Existe esa Comisión de Avaliación? ¿Existe esa autorización para destruílos? ¿Existen os documentos? ¿Por que non nolos proporcionan?

Polo tanto, señor Rueda, eu veño aquí falar (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) de arquivos e de documentación. Documentación que vostedes...

A señora PRESIDENTA: Señora Prado.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...non nos proporcionan de maneira sistemática. Porque, insisto, Pemex... Por certo, seguimos esperando o informe do Consello de Contas. Sei que segue

habendo problemas de axenda. Os plans industriais... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa sei, xa sei que non é artigo 9. Grazas pola lección, señor Puy, xa sei. Plans industriais, o Plan eólico, quero dicir que hai moita documentación que non se proporciona, moita documentación que non se proporciona. E o que hai, mentres tanto, son, efectivamente, escritos deste grupo pedindo, entre outras cousas, o amparo da Presidencia do Parlamento, que nos dixo que é unha mera transmisora da solicitude dos grupos parlamentarios ao Goberno. E eu espero que vostedes, xa que a señora Rojo é unha mera transmisora, sexan sensibles ao mensaxeiro e, polo tanto, nos proporcionen esa información. Porque mire, á vez que pedimos información sobre esas fotografías impropias, inmorais e indecentes do señor Feijóo cun narcotraficante, vostedes eliminan os convenios cos concellos para levar adiante os plans de prevención de drogodependencia. Os centros dos comités anti sida de toda Galicia están ao borde do peche polo recorte dos fondos públicos. E ademais, señor Rueda, vostede, que todos sabemos que é o campión da democracia e da transparencia, dixo solemnemente en dúas ocasións: a Xunta remitirá á Cámara toda a información dos contratos con Marcial Dorado porque non hai nada que ocultar. Ata o de agora, dous folios en DIN A4 a AGE. Por certo, ao PSdeG nada. Non sei, informárono mal, o secretario xeral do Sergas non nos proporcionou ningunha información. Non pedimos información oral, pedimos documentación. Eu non sei se vostede percibe a diferenza.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E, por certo, xa sabe que os papeis e os libros...

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...arden mal, señor Rueda.

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Arden mal. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Réplica do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señor Losada, se os papeis arden mal, vostede saberá. Será porque vostedes os queimaban. Nós non temos nin idea, sinceramente. *(Aplausos.)* Algún llo contaría. *(Murmurios.)*

En todo caso, señor Losada, eu vólvollo dicir, é que isto... De verdade que eu tomo o Parlamento moi en serio, e vir responder unha interpelación con 11 cuestións sobre documentación e escoitar ao interpelante dicirme: “xa que vostede quere falar de arquivos” nunha interpelación con 11 cuestións sobre arquivos, entenderá que me resulta moi difícil de entender. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Risos.)*

Non, xa o intentou, pero eu creo que non mo explicou nin a min nin a ninguén. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu supoño que vostede non estaría convencido...

A señora PRESIDENTA: Non dialoguen, por favor, non dialoguen. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Losada, non dialogue.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Se ao final, señor Losada, é autoxustificación, explicar *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* que van seguir falando do mesmo, de que teñen todo o dereito do mundo. ¡Faltaría máis! Lévano facendo tres meses. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Se canta máis documentación...

A señora PRESIDENTA: Señora Quintas, unha chamada.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e cantas máis respostas se lle dan, vostedes, efectivamente, máis estiran o chicle, atacan a presidenta do Parlamento, *(Protestas.)* veñen dicir aquí, efectivamente, que se eu me empeño en falar do que vostede vén preguntar, está disposto a falar, *(Murmurios.)* acaba como remata a súa interpelación... Alá vostede, señor Losada, eu non podo facer outra cousa que ir coa información e coa verdade por diante; 18 actuacións parlamentarias sobre esta cuestión en menos de tres meses. Subministrada toda

a documentación que consta nos arquivos da Xunta. Agora, con iso que vostede di de que a documentación arde ben, xa me mosquea un pouco o que podería pasar nos catro anos que vostedes estiveron. Supoño que non pasaría absolutamente nada. Agora, toda a documentación que estaba nos arquivos sobre os contratos coas empresas do señor Marcial Dorado pódolle asegurar que lle foi facilitada sen ningún problema, señor Losada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* A partir de aí, podemos seguir co aí, aí; podemos seguir coas insinuacións; podemos seguir con tirar a pedra e esconder a man para dicir que en realidade vostedes non din nada do que están dicindo e que despois teñen que autoxustificar; podemos seguir con este xogo todo o que queiran. ¡Alá vostedes! Houbo 18 intervencións parlamentarias para responder sobre este tema. Toda a documentación que vostedes pediron sobre as empresas do señor Marcial Dorado subministrada. Todo respostado; e o que non está respostado, está en tramitación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Outra cousa. Por suposto, se presentan iniciativas por triplicado todos os días, vostede mesma o dicía esta mañá, señora Díaz, ¡se estamos todos os días aportando documentación!...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

Señor Gallego, faga o favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Cando non hai argumentos, hai temas que –insisto– hai que estirar como chicles. E a xente xulga, e a xente ve. Nós imos cumprir a lexislación, en todo caso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Imos desenvolver unha lei de arquivos que, por suposto, é necesaria, que tiña que estar desenvolvida hai moito tempo e que nós levabamos no programa electoral. Imos cumprir todos eses compromisos, imos ser serios con todas as tarefas de goberno que temos, e a partir de aí cada un que faga o que queira: os que sigan co aí, aí e despois veñen aquí dicir que en realidade non estaban con iso, e que se eu me empeño en falar do que vostede me pregunta, ¡alá eu! Bueno, pois moi ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Encantado de vir respostar esas interpela-

cións todas as veces que queiran. E mentres, nós gobernaremos; mentres, nós seguiremos contando a verdade; mentres, nós seguiremos estando orgullosos do presidente da Xunta, do seu labor, (*Murmurios.*) e mentres, nós estaremos felices de ver (*Aplausos.*) que cada vez máis os galegos e as galegas poden ver a que cousas, a que tarefas e con que artimañas se dedica a oposición a facer o seu labor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Losada, señor Losada.

Señor Losada, señor Losada, faga o favor. Chámoo á orde por segunda vez, faga o favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Señor Losada, o primeiro que ten que facer se quere falar é pedir a palabra. Non lle vou consentir que fale sen que eu lle dea a palabra. Non, non pediu a palabra e falou, e agora xa non vai falar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Preguntas ao Goberno.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, Carmen	(PSdeG-PSOE)
2.- Adán Villamarín, María do Carme	(BNG)
3.- Arias Veira, Pedro	(PP)
4.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
5.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
6.- Beiras Torrado, Xosé Manuel	(AGE)
7.- Blanco Paradelo, Moisés	(PP)
8.- Burgo López, Concepción	(PSdeG-PSOE)
9.- Caamaño Domínguez, Francisco	(PSdeG-PSOE)
10.- Camino Copa, Ángel	(PP)
11.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
12.- Díaz Pérez, Yolanda	(AGE)
13.- Docasar Docasar, Vicente	(PSdeG-PSOE)
14.- Dorado Soto, Javier	(PP)
15.- Fajardo Recouso, Juan Manuel	(AGE)
16.- Faraldo Botana, María Dolores	(PP)
17.- Fariñas Sobrino, Hipólito	(PP)
18.- Fernández Calviño, David	(AGE)
19.- Fernández Fernández, Raúl	(PSdeG-PSOE)
20.- Freire Abeijón, Santiago	(PP)
21.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
22.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
23.- García García, Pablo	(PSdeG-PSOE)
24.- García Pacín, Isabel	(PP)
25.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
26.- González Santín, Juan Carlos	(PSdeG-PSOE)
27.- Guerra Fernández, Javier	(PP)
28.- Hernández Fernández de Rojas, Agustín	(PP)
29.- Iñiguez Martínez, Jaime	(PP)
30.- Jorquera Caselas, Francisco	(BNG)
31.- Losada Alvarez, Abel	(PSdeG-PSOE)
32.- Martínez García, María Consuelo	(AGE)
33.- Martínez-Sierra López, Vidal	(PP)
34.- Méndez Romeu, José Luis	(PSdeGPSOE)
35.- Mourino Villar, Antonio	(PP)
36.- Nóvoa López, Enrique	(PP)
37.- Núñez Centeno, Aurelio	(PP)
38.- Núñez Feijóo, Alberto	(PP)
39.- Pardo López, Carmen	(PP)
40.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
41.- Pazos Couñago, José Alberto	(PP)
42.- Pérez Hernández, Berta	(PP)
43.- Piñeiro Martínez, Marisol	(PP)
44.- Pombo Rodríguez, Cosme Eladio	(BNG)
45.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
46.- Pouso Maneiro, Herminia	(PP)
47.- Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
48.- Prado del Río, Paula	(PP)
49.- Prado Patiño, Miguel	(PP)
50.- Puy Fraga, Pedro	(PP)
51.- Quintas Alvarez, María	(PSdeG-PSOE)
52.- Rodas Chapela, Daniel	(BNG)
53.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
54.- Rodríguez Barreira, Julia	(PP)
55.- Rodríguez González, Román	(PP)
56.- Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta	(PP)
57.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
58.- Romero Fernández, Cristina	(PP)
59.- Ron Fernández, José Javier	(AGE)
60.- Rueda Valenzuela, Alfonso	(PP)
61.- Sánchez Bugallo, José Antonio	(PSdeG-PSOE)
62.- Sánchez García, Antón	(AGE)
63.- Santalices Vieira, Miguel	(PP)
64.- Santos Regueiro Francisco	(PP)
65.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
66.- Solla Fernández, Eva	(AGE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Tellado Filgueira, Miguel	(PP)
69.- Trenor López, Gonzalo	(PP)
70.- Val Alonso, José Ramón	(PSdeG-PSOE)
71.- Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luis	(PP)
72.- Vázquez Abad, Jesús	(PP)
73.- Vázquez Díaz, Ramón	(AGE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Vilán Lorenzo, Patricia	(PSdeG-PSOE)